



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00650

ASUNTO: Memoria xustificativa da necesidade do contrato de seguro de accidentes do alumnado do Conservatorio de Danza e da non división en lotes

O Conservatorio Profesional de Danza depende da Deputación Provincial de A Coruña, sendo un centro público de ensinanzas artísticas creado en 1991 como Escola de Danza Recoñecida de grao profesional (Decreto 29/1991 da Xunta de Galicia do 1 de febreiro) e posta en funcionamento por Orde do 19 de febreiro de 1991.

No Conservatorio Profesional de Danza impártese ensino de Grao Elemental e Grao Profesional de Danza. Contémplase tamén a realización de actividades complementarias ou extraescolares con fins pedagóxicos e de proxección externa do traballo do Conservatorio, sempre que non interfiran no desenvolvemento da programación didáctica anual.

Os niveis de ensino son os seguintes:

Ensino non reglado, a partir dos sete anos

Ensino reglado

1. Grao elemental
2. Grao profesional

O Regulamento de réxime interno do Conservatorio Profesional de danza da Deputación da Coruña, aprobado polo claustro o 09/06/2015 e polo Consello escolar do centro o 11/06/2015 establece no artigo 30 que a Deputación disporá dunha póliza de seguro escolar para o alumnado matriculado, polo que é necesario tramitar a contratación dun seguro cunha compañía especializada.

O contrato non é susceptible de ser dividido en lotes, xa que as prestacións han de ser comúns a todo o alumnado.

A Xefa do Servizo de Patrimonio e Contratación, p.a.,

A Xefa da Sección I de Contratación

María J. Lauda Pan